XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| AXUDAS DESTINADAS Á PREPARACIÓN E APLICACIÓN DOS PLANS DE PRODUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS E ASOCIACIÓNS DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS | PE155C | SOLICITUDE |

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL | NIF | CÓDIGO OPP

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

## DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

## DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

## TIPO DE ORGANIZACIÓN

- ○ Organización con ánimo de lucro
- ○ Organización sen ánimo de lucro

## DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

DATOS DO PLAN DE PRODUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN E DO INFORME ANUAL

| ANO | IMPORTE SEGUNDO O PLAN | IMPORTE SEGUNDO O INFORME |
|---|---|---|
| | | |

O FINANCIAMENTO DESTAS AXUDAS PROCEDE DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA NUN 75 % E DO ESTADO MEMBRO NUN 25 %

ANEXO I
(continuación)

## A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

○ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que ningún gasto presentado no Plan de produción e comercialización para obter axuda foi financiado en todo ou en parte por outro organismo nacional, europeo ou internacional.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non ter pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións nin sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira.
5. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, ter aboados os gastos das operacións comerciais, nos prazos previstos na normativa sectorial que resulte de aplicación ou, na súa falta, nos prazos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, conforme ao establecido no artigo 13.3 bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
8. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Non ter cometida infracción grave da política pesqueira común (PPC) definida como tal en actos lexislativos do Parlamento Europeo e do Consello.
10. Non ter cometida infracción grave do Regulamento (CE) nº 1005/2008, do Consello, polo que se establece un sistema para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (CE) nº 1224/2009 do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da PPC.
11. Non ter sido declarada culpable de cometer fraude, segundo a definición do artigo 1 do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas (DOUE serie C 316, do 27.11.1995), no marco do FEMP.
12. Non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrada na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques involucrados na pesca INDNR ou de buques que nin estean nin estivesen nos últimos 12 meses enarborando o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes, ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1005/2008, do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.
13. Ter aprobados os seus plans de produción e comercialización que persigan os obxectivos da OCM recollidos nos artigos 3 e 7 do Regulamento (UE) nº 1379/2013, e de acordo co artigo 14 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.
14. Ter aprobados os informes anuais correspondentes ao exercicio do plan de produción e comercialización indicado no punto anterior, de acordo co artigo 28, número 5, do Regulamento (UE) nº 1379/2013 e co artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.
15. Non ter sido sancionada coa imposibilidade de obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V, artigo 105.1, letra i), da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado e, de ser o caso, pola normativa das comunidades autónomas.

## A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)

16. Que o valor e volume da produción en primeira venda dos membros da OPP durante os tres anos naturais anteriores foron os seguintes:

| ANO | GALICIA | | FÓRA DE GALICIA | | VOLUME TOTAL (kg) | VALOR TOTAL (€) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | VOLUME VENDAS (kg) | VALOR (€) | VOLUME VENDAS (kg) | VALOR (€) | | |
| *2021* | | | | | | |
| *2020* | | | | | | |
| *2019* | | | | | | |

17. Que o valor da produción en primeira venda en euros e toneladas da organización solicitante foi o seguinte:

| TIPO DE INDICADOR | DESCRICIÓN | ANO 2021 | ANO 2022 |
|---|---|---|---|
| Resultado | Valor en primeira venda nas organizacións de produtores pesqueiros (€) | | |
| | Volume en primeira venda nas organizacións de produtores pesqueiros (kg) | | |

18. Que en relación coa vinculación con provedores/as e empresas vinculadas, segundo o establecido nos números 4 e 5 do artigo 12 desta orde e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:
    - ○ Non ten vinculación algunha coas empresas que interveñen na execución das medidas do PPEC
    - ○ Existindo vinculación, non se contravén o establecido no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e normativa que a complementa, sendo as empresas vinculadas as que a continuación se relacionan:

| DATOS DA EMPRESA VINCULADA | |
|---|---|
| NOME | NIF |
| | |
| | |
| | |
| | |

19. Que as empresas subcontratadas para a preparación ou realización dalgunha ou dalgunhas medidas do Plan de produción e comercialización non están incluídas en ningún dos casos especificados no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e que non incorren en ningún dos supostos de contratar a que fai referencia o artigo 71 da LCSP.

ANEXO I
(continuación)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Anexo II. Formulario de gastos subvencionables por medida
- ☐ Anexo III. Relación de xustificantes
- ☐ Anexo IV. Memoria resumo
- ☐ Anexo V. Gastos de persoal, traballos realizados e tempo de execución
- ☐ Anexo VI. Gastos de persoal propio
- ☐ Anexo VII. Gastos de persoal: relación de xustificantes de pagamento de nóminas
- ☐ Anexo VIII. Gastos de viaxe
- ☐ Declaración responsable de ter aboados os gastos das operacións comerciais nas que incorren, en prazos de pagamento previstos na normativa sectorial, para o caso de subvencións superiores a 30.000,00 €, cando a persoa solicitante poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada de acordo coa normativa contable; en caso contrario certificación de auditor rexistrado nun rexistro oficial de auditores de contas

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Poder suficiente da persoa representante no caso de que tal poder non figure nos estatutos | | | |
| ☐ Copia da escritura de constitución e estatutos da sociedade, así como as modificacións ulteriores debidamente inscritas no rexistro correspondente | | | |
| ☐ Certificado actualizado da declaración censual de alta en obrigas tributarias | | | |
| ☐ Certificado de antecedentes penais da entidade emitido polo Rexistro Central de Penados, que incluirá a totalidade dos antecedentes non cancelados que tivese a persoa interesada no momento da certificación, co obxecto de xustificar que non foi declarada culpable de cometer fraude, en cumprimento do artigo 10.3 do Regulamento (UE) nº 508/2014 | | | |
| ☐ Cando o importe do gasto unitario supere a contía de 40.000 euros, no caso de execución de obras, ou de 15.000 euros, no caso de subministración de bens ou prestacións de servizos, a organización beneficiaria deberá achegar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores/as. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa | | | |
| ☐ Xustificantes dos investimentos efectuados que consistirán, de forma xeral, nas facturas e demais xustificantes de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou de servizo) e nóminas, detalladas ao máximo posible | | | |
| ☐ Xustificantes das transferencias bancarias correspondentes aos pagamentos efectuados | | | |
| ☐ Documento coa descrición de funcións desenvolvidas do posto de traballo e relacionadas coas tarefas que se desenvolverán nas medidas que se inclúan nos plans de produción e comercialización, e co rexistro horario en que se inclúa o número de horas dedicadas á medida polo persoal que corresponda | | | |
| ☐ Xustificante do pagamento das correspondentes cargas sociais e retencións fiscais. Para iso, comprobaranse os documentos RNT (Relación nominal de traballadores), RLC (Recibo de liquidación de cotizacións), o modelo 111 (Retencións e ingresos á conta do IRPF) e o modelo 190 (Resumo anual), se procede | | | |
| ☐ Xustificante do pagamento das nóminas | | | |
| ☐ No caso de solicitar axudas polo IVE non recuperable, cando este sexa custeado de forma efectiva e definitiva por beneficiarios distintos das persoas que non son suxeitos pasivos a que se refire o artigo 13.1 da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, declaración responsable que acredite esta circunstancia e o modelo 390. IVE. Declaración resumo anual | | | |

ANEXO I
(continuación)

## COMPROBACIÓN DE DATOS

| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|---|
| DNI/NIE da persoa representante | ☐ |
| Resolución da axuda concedida para subvencionar total ou parcialmente o mesmo proxecto solicitado no caso de axudas concedidas pola Xunta de Galicia | ☐ |
| Consulta de concesións de subvencións e axudas | ☐ |
| Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas | ☐ |
| Informe acreditativo de no ter pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións emitido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) | ☐ |
| Informe acreditativo de non ter sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira | ☐ |
| Informe acreditativo de non estar en concurso de acredores -artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia- obtido a través do Rexistro Público Concursal do Ministerio de Xustiza | ☐ |
| Informe acreditativo de non ter cometida infracción grave da política pesqueira común, do Regulamento (UE) nº 1005/2008, do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (UE) nº 1224/2009, do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control, emitido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e informe do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Mar | ☐ |
| Informe acreditativo de non ter sido declarada culpable de cometer fraude, no marco do FEMP, obtido a través do Sistema nacional de publicación de subvencións do Ministerio de Facenda | ☐ |
| Informe acreditativo de non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrada na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR obtido a través da base de datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación | ☐ |
| Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social | ☐ |
| Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) | ☐ |

| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>**A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.** | AUTORIZO A CONSULTA |
|---|---|
| NIF da entidade solicitante | ○ Si ○ Non |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT | ○ Si ○ Non |

ANEXO I
(continuación)

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería do Mar. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimiento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias.<br>A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de que realice a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europa na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e as súas disposicións de desenvolvemento. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos) |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) |

ANEXO I
(continuación)

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento (UE) 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) 1184/2006 e (CE) 1224/2009 do Consello, e se derroga o Regulamento (CE) 104/2000 do Consello.
- Regulamento (UE) 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) 1954/2003 e (CE) nº 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) 2371/2002 e (CE) 639/2004 do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello.
- Regulamento de execución (UE) 1418/2013 da Comisión, do 17 de decembro de 2013, relativo aos plans de produción e comercialización en virtude do Regulamento (UE) nº 1379/2013.
- Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) 2328/2003, (CE) 861/2006, (CE) 1198/2006 e (CE) 791/2007 do Consello.
- Recomendación da Comisión, do 3 de marzo de 2014, relativa ao establecemento e aplicación dos plans de produción e comercialización.
- Regulamento (UE) 2020/560 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 508/2014 e (UE) nº 1379/2013 en relación con medidas específicas para atenuar o impacto do brote da COVID-19 no sector da pesca e a acuicultura.
- Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo FEMP, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regula as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia da COVID-19, se convocan as ditas axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020 e se modifican distintos reais decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e da acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Orde do 4 de agosto de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para o ano 2023, para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización correspondentes a 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) (código de procedemento PE155C).

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

________ , ________ de ________ de ________

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca